Cómoda, pero curta vitoria.

Os de Ares erraron numerosas ocasións de gol nun encontro no que foron superiores ao seu rival.

Sábado, 20 de febreiro do 2010.

22ª Xornada, categoría cadete, 2ª autonómica, grupo 4º.

NUMANCIA, 2 – R. DE NEDA, 0.

Alineacións:

NUMANCIA: Carlos, Pepe, Miguel Piñeiro, Adrián (Roque min. 70), Quique, Miguel López, Ricardo (Ángel min. 49), Javier (Xaime min. 41), Antonio (David min. 77), Juan e Brayan.

R. DE NEDA: Víctor Novo, Francisco García, Jorge Souto, Raúl Ledo, Alejandro Rodríguez, Víctor Souto, David Leira (Bruno Carro min. 70), Pablo Folgar (Jorge Casal min. 78), Alejandro Vilariño, Javier Pico (Óscar Martínez min. 26) e Diego Fernández (Brais Veiga min. 55).

GOLES:

1-0 min. 32 Miguel López.

2-0 min. 70 Brayan.

COLEXIADO: David Saavedra Carneiro. Amosoulle cartón vermello a Brais Veiga do Neda.

COMENTARIO:

Moi bo partido o que xogaron os aresáns este pasado sábado contra o R. de Neda. Os de Ares cun xogo fluído, ao toque e con moi bo criterio no movemento do balón apropiáronse do terreo de xogo e do encontro, colleitando unha vitoria xusta, pero curta no que a resultado se refere. Pois os de Ares non estiveron moi acertados de cara ao gol, fallaron numerosas ocasións claras, e aínda que nesta ocasión non se pasaron apuros sería desexable que afinasen algo máis o punto de mira.

Nos primeiros minutos de xogo o Neda púxolle algo de salsa ao encontro avisando aos de Ares en dúas ocasións. Unha delas clarísima, propiciada por unha indecisión da zaga aresá, que afortunadamente detivo Carlos. No que restou de tempo, os de Ares foron os dominadores do xogo e da área, con chegadas claras pero que non se materializaron pola falta de acerto dos dianteiros e algunha que outra boa intervención do gardameta Víctor Novo.

Na segunda metade a superioridade dos de Ares foi manifesta. O Neda apenas inquietou en dous ou tres ocasións a balón parado a meta aresá. Os visitantes cun menos desde o minuto 64, pola expulsión de Brais Veiga ao deter un balón coa man baixo paus, viñéronse abaixo e permitiron aos aresáns xogar con moita comodidade. Os locais seguían creando ocasións, pero non se materializaban, penalti incluído. Non se pasaron apuros, pero tampouco se pode perdoar tanto.

Aproveitamos a ocasión para darlle ánimos ao xogador do Neda Diego Fernández que no trascurso do encontro sufriu un forte golpe e tivo que ser retirado. Esperamos e desexamos que se recupere pronto.

Ou próximo mércores 24 de febreiro, ás 17:00 h, celebrarase o encontro entre o Numancia e As Pontes. Encontro correspondente a 16ª xornada de liga que non seu día tivo que suspenderse por mor das fortes nevaradas de principios de xaneiro e que impidiron o desprazamento do conxunto pontés. Esperámosvos en Prados Vellos, é un día de semana pero, de seguro que merece a pena achegarse a animar aos rapaces.

MINUTO A MINUTO:

1ª METADE:

M 9: xogada individual de Brayan pola banda dereita, intérnase na área paralelo á liña de fondo, alcanza a área pequena, dispara e o balón estrélase no corpo do gardameta que moi valente se lanza aos pés do dianteiro.

M 10: contragolpe do Neda, indecisión na defensa numantina e Diego Fernández arrebátalles o esférico. O seu forte disparo é detido por Carlos de extraordinaria parada.

M 13: centro á área do Numancia, remata Diego Fernández e detén Carlos.

M 14: saque en longo de Carlos que controla Miguel López, encara a área do Neda, regatea ao seu marcador e dispara cruzado, pero o balón sae preto da base do pau.

M 26: pase en profundidade de Quique sobre Brayan, controla, regatea ao último defensa, pero bótase enriba do gardameta estrelando o seu disparo contra o corpo deste que de novo estivo moi valente.

M 28: córner que bota o Neda, a defensa aresá despexa en longo, recolle Miguel López que de forte cabalgada percorre medio campo contrario, encara ao gardameta pero o seu disparo cruzado marcha fóra por moi pouco.

M 32: balón en profundidade de Brayan sobre Miguel López que supera por velocidade aos defensas do Neda, o gardameta á desesperada sae baixo os paus e o dianteiro aresán supérao de vaselina, 1 - 0.

M 33: balón rifado nos tres cuartos de campo do Neda que recolle Brayan, regatea a dous defensas, alcanza a área pero o seu disparo forzado e frouxo deteno Víctor Novo.

2ª METADE:

M 48: xogada de Brayan pola dereita, intérnase na área, cede sobre Miguel López libre de marca, pero este dispara mal e o balón estrélase nun defensa.

M 51: córner que bota o Neda, Xaime despexa mal e o balón cae preto da área pequena nos pés de David Leira, que dispara moi desviado ante a oposición de Miguel Piñeiro.

M 64: internada de Brayan na área pola dereita, dispara e o balón é detido coa man por Brais Veiga, o colexiado sinala penalti e expulsión. Quique executa a pena máxima e estrela o balón no traveseiro.

M 66: nova internada de Brayan pola dereita, cede sobre Quique na semilúa da área, este toca a Miguel López quen dispara pero o balón sae excesivamente alto.

M 67: barullo na área do Neda do que se aproveita Quique pero o seu disparo vaise fóra por moi pouco.

M 70: balón en profundidade de Xaime sobre Brayan, regatea o seu marcador, encara a porta en nun man a man co gardameta báteo por baixo, 2 - 0.